



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO

**DATA: 26 DE MARZO**

**HORA: 20.30H.**

**CARÁCTER: ORDINARIO**

No Salón de Sesións do Concello de Foz (Lugo), sendo as 20:30 horas do día 26 de marzo de 2009, previa convocatoria ó efecto ás 20:30 horas, reuniuse o Concello Pleno co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, en cumprimento do disposto no art. 112.1.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de Novembro, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José María García Rivera e coa asistencia dos Concelleiros:

- D. Xaime Cancio Rodríguez
- D<sup>a</sup>. Ana A. Incera Ares
- D<sup>a</sup>. Rosa Alonso Rodríguez
- D. Pedro M. Fernández Marful
- D. Ramón Sixto Legaspi
- D. Ángel Cao Pérez
- D. José Luís Sánchez García
- D. Pedro José Fernández Manín
- D. José María Basanta Morán
- D. Xoán Carlos González Basanta
- D. Balbino Fernández López
- D<sup>a</sup>. María Xosefa Alonso Otero

Asisten o Secretario Accidental do Concello de Foz, D. Manuel Rodríguez Luaces e o Interventor Municipal, D. Luís Ramón Vázquez Parga.

A Presidencia, tras comproba-la existencia do quórum esixido polo artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e pásase ó estudo, debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

#### **1. APROBACION DA ACTA ANTERIOR DE 02/02/2009: ADOPCION DE ACORDO.-**

Polo portavoz do PP, Sr. Cao Pérez, manifestase que o punto "MOCIÓN DO GRUPOMUNICIPAL POPULAR EN APOIO DOS DAMNIFICADOS POLO



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

TEMPORAL DE VENTO E INSTANDO Á COMPENSACIÓN DE DANOS PRODUCIDOS”, debe facerse a seguinte corrección:

Donde dí: “Sometido a votación a moción **obtén catro votos a favor (D. Ángel Cao Pérez, D. José María Basanta Morán, D. José Luís Sánchez García e D. Pedro José Fernández Manín, D. Xoán Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero.) e nove votos en contra (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez, Dona Rosa Alonso Rodríguez, Dona Ana Aránzazu Incera Ares, D. Pedro M. Fernández Marful, D. Xoán Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero), quedando rexeitada**”, debe decir:

“Sometido a votación a moción **obtén catro votos a favor (D. Ángel Cao Pérez, D. José María Basanta Morán, D. José Luís Sánchez García e D. Pedro José Fernández Manín) e nove votos en contra (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez, Dona Rosa Alonso Rodríguez, Dona Ana Aránzazu Incera Ares, D. Pedro M. Fernández Marful, D. Xoán Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero), quedando rexeitada**”.

**É aprobada por unanimidade** coa corrección antes reseñada.

## **2. RESOLUCIONS E DECRETOS DE ALCALDIA ADOPTADOS DENDE A ANTERIOR SESION ORDINARIA DO PLENO CORPORATIVO (ART. 42 DO RD DE 2568/86): DAR CONTA.-**

Os membros da Corporación, dánse por enterados.

## **3. NOMEAMENTO DE D. XOSÉ XOAN BARREIRO PRADO COMO FILLO PREDILECTO DO CONCELLO DE FOZ: ADOPCIÓN DE ACORDO.-**

A continuación por mín o Secretario dáse conta do dictame da Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno de 17/03/09, que dí:

“A continuación por mín o Secretario dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 02 de febreiro de 2009, adoptado ó respecto, e que dí:



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### **“4) APROBACIÓN DO DITAME ELABORADO POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA EN ORDE Á DECLARACIÓN DE FILLO PREDILECTO DO SR XUÍZ D. XOSÉ XOÁN BARREIRO PRADO.-**

Sómetese a consideración da XGL o seguinte ditame da Alcaldía-Presidencia:

INFORME DO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FOZ  
PARA NOMEAR A D. XOSÉ XOAN BARREIRO PRADO COMO  
**FILLO PREDILECTO DO CONCELLO DE FOZ,**  
unha vez aprobado polo Pleno o inicio do expediente para tal fin.

*Xosé Xoán Barreiro Prado nace en Foz, Provincia de Lugo, e dende moi pequeno comenzan as súas inqedanzas culturais e educativas ligadas sempre á nosa lingua galega, polos anos 70 participa no asociacionismo e incluso publica escritos en galego na revista **Amencer**, ao mesmo tempo é parte activa da Asociación Cultural Focega denominada “**O Britón**”.*

*Foi un bo estudante, acada moi xoven a oposición a xuíz, sendo destinado á Fonsagrada donde deixou bos amigos, sendo moi querido pola poboación; acadou a presidencia da Audiencia de Pontevedra, dictando milleiros de sentencias e resolucións dende o ano 1985, 23 anos de constante actividade xudicial, realizada na súa totalidade nun lingua proscrita durante 400 anos, contribuíndo de maneira decisiva á normalización lingüística na administración de xustiza.*

*Participou activamente en xornadas, congresos e cursos universitarios para dinamizar o uso da lingua galega noutros ámbitos, abonda con lembrar que en 1984 xa formando parte da asociación de funcionarios para a normalización lingüística, da que é fundador, propiciou o primeiro “Encontro de Alcaldes de Concellos Galegos pola normalización lingüística”, celebrado no hostel dos Reis Católicos en Santiago de Compostela; actualmente estase a traballar conxuntamente coa FEGAM para celebrar unha assemblea de Concellos galegos para reforzar áreas nas que aínda o galego non se ten implantado, asesorías xurídicas e policía locais, na que participa o Sr. Barreiro dunha maneira decidida, a maiores no ano 1989 participa no proxecto de traducir os códigos civís e panais á lingua galega, instrumentos necesarios para que hoxe poidamos falar dun número elevadísimo de xuíces que utilizan a lingua galega.*

*Xosé Xoán Barreiro Prado sempre acudeu ás chamadas do seu Concello, o Concello de Foz, para todos aqueles actos nos que se consideraba que debía participar, así foi pregoeiro das nosas festas patronais, deu conferencias e tuvo sempre preto de tódalas peticións que do noso municipio lle eran consultadas, atendendo as mesmas con todo o amor, agarimo e lealtade que profesa a súa terra.*

*Polo exposto consideramos que D. Xosé Xoán Barreiro Prado ten ben merecido o recoñecemento de fillo predilecto do Concello de Foz e así facemos a proposta para elevar a estancias superiores.*

Sometido a consideración o ditame emitido pola Alcaldía-Presidencia a XGL **acorda por unanimidade a súa aprobación e elevar ao Pleno Municipal a proposta de declaración de fillo predilecto”.**



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Os membros da Comisión acordan, por unanimidade, dictaminar favorablemente o devandito asunto”.

Non producíndose debate algún, o Sr. Alcalde somete a votación a aprobación o asunto do epígrafe, o cal **é aprobado por unanimidade**.

### 4. RECTIFICACION INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS A 31/12/2008: ADOPCIÓN DE ACORDO.-

A continuación por mín o Secretario dáse conta do dictame da Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno de data 17/03/09, que dí:

#### “RECTIFICACION INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS Á DATA DECEMBRO 2008

Valoración de bens e dereitos do Concello de Foz a 31 de Decembro de 2008, que ascende á cantidade de 16.158.041,10 €

#### ALTAS HABIDAS NO ANO 2008

##### 1.-BENS INMOBLES:

-Terreos para Centro de Día-Fogar Residencial	24.000,00 €
-Terreos en Rúa Camiño Vello-Vilaxoane	20.604,75 €
-Terreos en Rúa Álvaro Cunqueiro nº 31	171.264,00 €
-Terreos en Rúa Concepción Arenal	372.015,00 €
<b>- TOTAL BENS INMOBLES</b>	<b>587.883,75 €</b>

#### ALTAS HABIDAS NO ANO 2008

##### 1.-BENS MOBLES:

-Vehículo para servizo Policía Local	25.000,00 €
<b>TOTAL BENS MOBLES</b>	<b>25.000,00 €</b>

#### BAIXAS HABIDAS NO ANO 2008

- Monte Teixeira 44-A (Descatalogación)
- Finca rústica en Villaronte-Polígono 4-74. Valor: 2.500,00 €

VALORACION ULTIMA RECTIFICACIÓN A 31-12-2007	15.547.657,35 €
VALORACION RECTIFICACION A 31-12-2008	610.383.75 €
<b>TOTAL VALORACION A 31-12-2008</b>	<b>16.158.041,10 €</b>

Os membros da Comisión acordan, por unanimidade, dictaminar favorablemente o devandito asunto”.

Non producíndose debate algún, o Sr. Alcalde somete a votación a aprobación o asunto do epígrafe, o cal **é aprobado por unanimidade**.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### 5. I PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE FOZ (2009-2012): ADOPCIÓN DE ACORDO.-

A continuación por mín o Secretario dáse conta do dictame da Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno de data 17/03/09, que dí:

“A petición da Alcaldía este asunto queda pendente de dictamen para o Pleno, para que alí o explique a Concelleira de Asuntos Sociais, o cal é aceptado por unanimidade dos membros da Comisión”.

Aberto o debate, intervén a Concelleira D<sup>a</sup>. Rosa Alonso Rodríguez, quen fai unha explicación pormenorizada do asunto en cuestión.

Intervén a continuación o Concelleiro D. Ángel Cao Pérez, quen pon de manifesta que ó Plan faltalle adaptarse á realidade do noso Concello, e polo tanto vamos a abstermos, e respostalle a Sra. Alonso Rodríguez manifestando que o Plan está desenrolado para levarse a cabo.

Intervén a continuación o Concelleiro D. Xoán Carlos González Basanta, quen pon de manifesto a súa conformidade có Plan, dado que é unha cousa positiva e moi necesaria.

Intervén a continuación o Sr. Alcalde-Presidente, quen dí que é o primeiro Plan de Igualdade que se fai no noso Concello, e somete a votación a aprobación do asunto do epígrafe, que é **aprobado por maioría dos membros Sres. García Rivera, Cancio Rodríguez, Fernández Marful, Alonso Rodríguez, Incera Ares, Sixto Legaspi, González Basanta, Fernández López e Alonso Otero (9) e coa abstención dos Sres. Cao Pérez, Sánchez García, Fernández Manín e Basanta Morán (4).**

### 6. REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONSELLO DA IGUALDADE DO CONCELLO DE FOZ: ADOPCIÓN DE ACORDO.-

A continuación por mín o Secretario dáse conta do dictame da Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno de data 17/03/09, que dí:

“A petición da Alcaldía este asunto queda pendente de dictamen para o Pleno, para que alí o explique a Concelleira de Asuntos Sociais, o cal é aceptado por unanimidade dos membros da Comisión”.

Aberto o debate e non producíndose intervención algunha, o Sr. Alcalde **somete a votación a aprobación do asunto do epígrafe, que é aprobado por maioría dos membros Sres. García Rivera, Cancio Rodríguez, Fernández Marful, Alonso Rodríguez, Incera Ares, Sixto Legaspi, González Basanta, Fernández López e Alonso Otero (9) e coa abstención dos Sres. Cao Pérez, Sánchez García, Fernández Manín e Basanta Morán (4).**

### 7. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE A FAVOR DO INCREMENTO DA AXUDA Ó DESENROLO NO NOSO CONCELLO: ADOPCIÓN DE ACORDO.-

A continuación por mín o Secretario dáse conta do dictame da Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno de data 17/03/09, que dí:

“A petición da Alcaldía este asunto queda pendente de dictamen para o Pleno, o cal é aceptado por unanimidade dos membros da Comisión”.

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde faise unha explicación pormenorizada da Moción na que se pide:



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

1. Instar á Xunta de Goberno Local a elevar ó Pleno deste Concello unha proposta de Plan Municipal de Axuda ó Desenrolo que incluírá políticas e programas de concienciación da nosa cidadanía sobre a cooperación exterior, coa implicción do tecido social, económico e empresarial do noso municipio, ademáis das medidas necesarias para destinar parte do orzamento municipal a proxectos de cooperación, no obxectivo de que todálas Administracións Públicas do noso país destinen o 0,7% do seu orzamento a programas de Axuda ó Desenrolo.

2. O Plan Municipal recollerá tanto o compromiso de destinar á cobertura dos servizos sociais básicos (educación e saúde) unha porción directa da cuantía total, como un compromiso con proxectos destinados aos Países menos adiantados, seguindo as directrices marcadas polo Plan Director de Cooperación Española 2009-2012.

3. Instar ó Consello de Goberno da Comunidade Autónoma a que tome medidas sociais e financeiras necesarias para que a nosa Comunidade Autónoma se implique paulatinamente en lograr que o 0,7% do seu orzamento se destine a proxectos de Cooperación.

Solicita que a aportación deste Concello, para empezar, sexa do 0,1% do orzamento municipal, xa que esta cantidade pode afrontala perfectamente este Concello, e non o 0,7% que se pide na Moción.

Intervén a continuación o Sr. González Basanta, e pide que o Concello controle a qué actividades ou proxectos van destinados estes fondos, e que se destinen a proxectos concretos, e que cheguen e se usen para os fins que foron doados.

Polo Sr. Alcalde sometese a continuación a votación a aprobación do asunto do epígrafe, que é **aprobado por unanimidade**.

### **8. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA A ADHESIÓN E APOIO DESTE CONCELLO NA MARCHA MUNDIAL POLA PAZ E A NON VIOLENCIA: ADOPCIÓN DE ACORDO.-**

A continuación por mín o Secretario dáse conta do dictame da Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno de data 17/03/09, que dí:

“A continuación por mín o Secretario dáse conta da Moción en cuestión, que dí:

“O día 2 de outubro comezará en Nova Zelandia a **Marcha Mundial pola Paz e a Non Violencia**, aniversario do nacemento de Gandhi e declarado polas Nacións Unidas “Día Internacional da Non-Violencia”. Esta Marcha Mundial pasará por diferentes países ata rematar, 90 días despois na Cordilleira dos Andes (Punta de Vacas, Aconcagua, Argentina), o 2 de Janeiro de 2010.

Esta Marcha está organizada por “Mundo sin guerras”, organización internacional que traballa desde fai 15 anos no campo do pacifismo e a non-violencia. Sen embargo, é necesario que esta Marcha se constrúa entre o máximo número de persoas e entidades.

Ao longo da Marcha polos diferentes lugares sucederanse festivais, conferencias, eventos (deportivos, educativo, culturais), foros,...

Esta é unha acción encamiñada a:

Acadar a desaparición das armas nucleares, a redución progresiva e proporcional do armamento, a sinatura de tratados de non agresión entre países, a renuncia dos gobernos a utilizar as guerras como medio para resolver conflitos.

Recastar o mellor das diversas culturas e pobos da Terra.

Confluir as vontades de toda a sociedade civil para eliminar definitivamente a lacra social das guerras.

Xerar unha conciencia social mundial en contra de toda forma de violencia (física, psicolóxica, racial, relixiosa, económica e sexual) tan establecida e aceptada pola sociedade. Unha conciencia global que actúe como repulsa xeral cara a violencia.

A maioría da cidadanía está en contra das guerras e da carreira do armamento, e que sofren as



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

consecuencias da manipulación duns poucos porque non damos unha sinal unida, teñen nesta Marcha Mundial o momento para facer oír a súa voz.

Esta acción chegará a España o vindeiro 13 de novembro, desde Francia e sairá desde Alxeciras o 17 de novembro, cara Marrocos. As diferentes organizacións e entidades están a preparar actos diversos para estas datas adheríndose a esta iniciativa.

Por todo o anteriormente exposto, a Executiva do PSdeG-PSOE de Foz, SOLICITA a inclusión dunha moción no vindeiro Pleno para a adhesión e apoio do Concello de Foz na Marcha Mundial pola Paz e a Non-Violencia”.

Os membros da Comisión, por maioría, amosan a súa conformidade votando a favor os señores García Rivera, Fernández Marful, Incera Ares, González Basanta e Fernández López.

Os señores Sánchez García e Fernández Manín manifestan que se pronunciarán no Pleno”.

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde manifestase que en outubro chega esta Marcha a Madrid e pide que este Concello propoña celebrar en Foz esta manifestación.

Tras diversas intervencións dos Señores González Basanta, Incera Ares, o Sr. Alcalde somete a votación a aprobación do asunto do epígrafe, que **é aprobado por maioría dos membros Sres. García Rivera, Cancio Rodríguez, Fernández Marful, Alonso Rodríguez, Incera Ares, Sixto Legaspi, González Basanta, Fernández López e Alonso Otero (9) e coa abstención dos Sres. Cao Pérez, Sánchez García, Fernández Manín e Basanta Morán (4).**

### **9. MOCIÓN DO PP INTERESANDO A REMISIÓN Á DIRECCIÓN PROVINCIAL DE ESTRADAS DO MINISTERIO DE FOMENTO O CAMBIO DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL EXISTENTE NA SAÍDA DOS BARRIOS DE VILACHA E VILASINDRE E URBANIZACIÓN VILACHA, DA PARROQUIA DE CANGAS, Á N-642 (SANTANDER-FERROL): ADOPCIÓN DE ACORDO.-**

A continuación por mín o Secretario dáse conta do dictame da Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno de data 17/03/09, que dí:

“A continuación por mín o Secretario dáse conta da Moción en cuestión, que dí:

“Dadas as diferentes manifestacións que este grupo municipal ben a recibir dos veciños dos barrios de Vilachá, Vilasindre e urbanización Vilachá, pertencentes á parroquia de Cangas, entre outros, en canto á sinalización horizontal e vertical que existe na saída destas zoas á N-642 (Santander-Ferrol), para poder incorporarse con dirección a este último, sentido que antes de anchar a estrada se podía realizar e con menos visibilidade que na actual, dado que ésta sobrepasa os 100 metros e ten unha velocidade controlada de 60 kms/h.

Por todo o exposto, este Grupo Municipa solicita que o Pleno do Concello de Foz, tome o seguinte acordo:

Que o Concello de Foz, remita á Dirección Provincial de Estradas dependentes do Ministerio de Fomento e Obras Públicas o acordo aquí acadado, así como as inquietudes dos veciños exportas, que originaron esta petición e solicite o cambio da citada sinalización, unha vez realizado o estudio pertinente”.

Os membros da Comisión acordan, por unanimidade, dictaminar favorablemente a mesma”.

Aberto o debate, polo Sr. Cao Pérez faise unha exposición pormenorizada da Moción, e non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a votación a aprobación do asunto do epígrafe, que **é aprobado por unanimidade.**



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### **10. MOCIÓN DO PP PARA SOLICITAR Á CPTOPT A CONSTRUCCIÓN DUNHA ROTONDA NA UNIÓN DA CARRETERA FERREIRA DO VALADOURO-CANGAS DE FOZ (LU-162) COA N-642 E ASIMISMO SE TEÑA EN CONTA O ACORDO PLENARIO DE 27/11/08 SOBRE A DOTACION DE BEIRARÚAS: ADOPCIÓN DE ACORDO.-**

A continuación por mín o Secretario dáse conta do dictame da Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno de data 17/03/09, que dí:

“A continuación por mín o Secretario dáse conta da Moción en cuestión, que dí:

“Dado que con fecha 3 do presente mes de febreiro, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia, publicou no DOG a adjudicación das melloras da estrada LU-162 que une Ferreira do Valadouro con Cangas de Foz á empresa Obras y Construcciones Cortizo, S.L., con un presuposto de 624.940,59 €, e ademais si temos en conta o elevado aumento de tráfico que ten, pois é a que utilizan a maior parte dos traballadores da zona interior para acudir o seu posto en Alcoa-San Ciprián. Burela e outras localidades do litoral mariñao ó igual que a xente que visita o Hospital da Costa.

Por todo o exposto, este Grupo Municipal solicita ao Pleno do Concello de Foz, tome os seguintes acordos:

1º.-Que se solicite por parte do Sr. Alcalde en nome de toda a Corporación que dentro das melloras que a citada Consellería ten proxectado levar a cabo nesta vía, sexa incluída a construción dunha rotonda na súa unión coa N-642, a cal ía a facilitar unha mellor incorporación a esta última ademais de evitar posibles accidentes, que na actualidade se rexistran, ampliando o presuposto da obra se así fose necesario.

2º.-Que ó igual que o punto anterior se teña en conta a comunicación feita polo Concello de Foz en data 3 de decembro pasado, onde se lle comunicaba o acordo por unanimidade tomado no Pleno do 27 de novembro de 2008 sobre a dotación de beirarrúas...”.

Os membros da Comisión acordan, por unanimidade, dictaminar favorablemente a mesma”.

Aberto o debate, intervén o Sr. Alcalde, quen dí que polo Ministerio de Fomento hai redactado un proxecto que comprende a rotonda na súa unión coa N-642, para o que se farán expropiacións e un paso inferior hacia a Igrexa, haberá beirarrúas varias ata a Gralleira e outras zonas, polo que non debe aprobarse este apartado porque podería interferirse ó realizar estas obras o Ministerio de Fomento, e si que está dacordo en canto ó punto 2º de dotación de beirarrúas.

Intervén a continuación o Sr. Cao Pérez, quen pon de manifesto que ante esta información pedimos suprimir o apartado 1º e se nos dé información sobre o proxecto do Ministerio de Fomento.

Non producíndose máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a votación a aprobación do apartado 2º da Moción, que **é aprobado por unanimidade, absténdose no que se refire ó apartado 1º da mesma, e manifesta que unha vez recibido o proxecto do Ministerio de Fomento daránse copias.**

### **11. MOCIÓN DO PP SOBRE POSTA EN FUNCIONAMENTO DOS SEMÁFOROS NA PARROQUIA DE CANGAS-ESTRADA N-642, NO SENSO DE QUE SI FORON CEDIDOS Ó CONCELLO PARA O SEU MANTEMENTO E CONSERVACIÓN, SE POÑAN EN FUNCIONAMENTO E SENÓN SOLICITAR Ó MINISTERIO DE FOMENTO A SÚA POSTA EN FUNCIONAMENTO: ADOPCIÓN DE ACORDO.-**

A continuación por mín o Secretario dáse conta do dictame da Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno de data 17/03/09, que dí:





## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

“A continuación por mín o Secretario dáse conta da Moción en cuestión, que dí:

“Tendo en conta as preguntas que nos fan moitos veciños da parroquia de Cangas, sobre a situación en que se atopan os semáforos de indicación de precaución, situados na estrada N-642 o seu paso por esta parroquia, porque a pesar de levar instalados varios anos, nunca funcionaron, e non saben a que se debe isto, si ben en outros lugares e na mesma estrada si están funcionando.

Por este motivo, este grupo municipal solicita ao Pleno do Concello de Foz, tome os seguintes acordos:

1º.-Si os semáforos alí instalados son da súa propiedade, ou foron cedidos ao Concello para o seu mantemento e conservación, que se poñan en funcionamento, porque sería unha forma de regular a velocidade na citada travesía, e si non se poñen a funcionar que se retiren.

2º.-Si non foron cedidos ao Concello, comunicar ao Ministerio de Fomento e Obras Públicas o acordo do Pleno da Corporación solicitando a súa posta en funcionamento”.

Polo Sr. Alcalde manifestase que os devanditos semáforos non foron cedidos a este Concello.

Os membros da Comisión acordan, por unanimidade, dictaminar favorablemente a mesma”.

Aberto o debate, intervén o Sr. Cao Pérez, quén fai unha explicación pormenorizada da Moción, e continuación o Sr. Alcalde somete a votación a aprobación do asunto do epígrafe, que **é aprobado por unanimidade**.

### **12. MOCIÓN DO PP DE SOLICITAR ANTE A DELEGACION DE COSTAS EN LUGO-DIRECCIÓN XERAL DE SOSTENIBILIDADE DE COSTAS E A SECRETARÍA XERAL DO MAR QUE SE FAGA PROXECTO E SE DOTE DE PRESUPOSTO PARA REHABILITAR A ZONA SITA DESTRAIS DA IGREXA DE CANGAS, DOTANDOA DUN PASEO Ó REDOR DA MESMA: ADOPCIÓN DE ACORDO.-**

A continuación por mín o Secretario dáse conta do dictame da Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno de data 17/03/09, que dí:

“A continuación por mín o Secretario dáse conta da Moción en cuestión, que dí:

“Dados os desprendementos de terra e o efecto corrosivo que ten a zoa situada detrás da igrexa na Parroquia de Cangas, con motivo do desgaste que producen nās rochas que a sosteñen as fortes ondas do mar, poñendo en perigo a edificación da mesma, así como o cemiterio parroquial e tendo en conta a preocupación que amosan tanto a Asociación de Veciños da parroquia como o Sr. Cura-Párroco da mesma sobre este asunto.

Este grupo municipal solicita ao pleno do Concello que tome o seguinte acordo:

Que o Sr. Alcalde solicite ante a Delegación de Costas en Lugo, a Dirección Xeral de Sostenibilidade de Costas e a Secretaría Xeral do Mar, que se faga un proxecto e se dote de presuposto, para rehabilitar esta zona, dotandoa de de un paseo ó redor da mesma, e evitar así a caída deste inmovible que o seu orixe data de antes do século XVII, e se lle fixeron distintas reformas despois do ano 1853, e se una a dita solicitude copia do acordo aquí acadado”.

Os membros da Comisión acordan, por unanimidade, dictaminar favorablemente a mesma”.

Aberto o debate, intervén o Sr. Cao Pérez, quén fai unha explicación pormenorizada da Moción, e continuación o Sr. Alcalde somete a votación a aprobación do asunto do epígrafe, que **é aprobado por unanimidade**.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### **13. MOCION DO PP SOBRE AXUDAS Á ASOCIACIÓN DEPORTIVA, CULTURAL E RECREATIVA DE VETERANOS DO CLUBE DEPORTIVO FOZ: ADOPCIÓN DE ACORDO.-**

A continuación por mín o Secretario dáse conta do dictame da Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno de data 17/03/09, que dí:

“A continuación por mín o Secretario dáse conta da Moción en cuestión, que dí:

“1º.-Dado que a ASOCIACIÓN DEPORTIVA, CULTURAL E RECREATIVA DE VETERANOS DO CLUBE DEPORTIVO FOZ figura inscrita có número 86 no Rexistro de Asociacións Municipais e así notificado por Secretaría o 14 de marzo do 2008.

2º.-Co fin primordial desta Asociación, unha vez rematada a vida deportiva federada dos seus integrantes, aproximadamente unhos cincuenta, é practicar deporte e o mesmo tempo favorecer as relacións personais dos seus membros.

3º.-Que dito CLUBE DE VETERANOS representa ó noso Concello alí onde queira que participe, propagando e realizando as súas riquezas e virtudes, non solamente no entorno da nosa comarca, senón tamén no ámbito nacional.

4º.-Tendo en conta que o CLUBE DE VETERANOS DO CD FOZ ten á súa disposición o Campo de Fútbol de Malates os xoves a partir das 20.00 horas e os domingos dende as 11.00 horas, sendo o período no que se concertan os partidos entre abril e novembro e que ditos partidos se celebran principalmente os sábados e domingos, é polo que este Grupo Municipal, SOLICITA:

Que o Equipo de Goberno a través da súa Concellería de Deportes axilice as medidas oportunas para:

1º.-Un óptimo mantemento das instalacións para a práctica do deporte do fútbol. A saber: correcto segado, pintado, redes en perfecto estado etc.

2º.-Vestiaros en perfecto estado de revista, auga quente tanto nos entrenos como nos partidos.

3º.-Dipor dunha autorización por escrito do uso das instalacións, indicando as horas e días tal como se apunta no apartado cuarto anterior.

4º.-Solicitar tamén, pois é de gran necesidade, un local para reunións e ó mesmo tempo que sirva como almacén para gardar o diferente material que dita Asociación posúe.

5º.-Como Asociación Cultural e Recreativa, se lle conceda a axuda económica a que teña dereito, como calquera outra asociación registrada no Concello, pois dende o noso Grupo Municipal creemos que é de xustiza”.

Os membros da Comisión, por maioría, amosan a súa conformidade votando a favor os señores Sánchez García e Fernández Manín.

Os señores García Rivera, Fernández Marful, Incera Ares, González Basanta e Fernández López, manifestan que se pronunciarán no Pleno”.

Aberto o debate, intervén o Sr. Alcalde, quen mostra a súa conformidade cós puntos 1º, 2º e 3º da Moción. En canto ó punto 4º, o tema xa o resolve a Concellería de Deportes, e en canto ó punto 5º, mostra a súa disconformidade a unha axuda económica.

Intervén a continuación o Sr. Cao Pérez, quen fai unha explicación da Moción en cuestión, quen dí que en canto aos gastos, a xustificación déstos fariase baixo unha memoria de actividades, que pedirán e se xustificarán ante a Corporación.

Intervén a continuación a Sr. Alonso Rodríguez, quen dí que o Concello axúdalles a fomentar o deporte.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Intervén a continuación o Sr. González Basanta, quen dí que en canto á distribución da axuda económica falta o Regulamento de Subvencións e absteráanse.

Intervén a continuación o Sr. Cao Pérez, quen manifesta estar dacordo coa aprobación dos catro puntos da Moción e que retiren o punto 5º e que se traiga a Pleno o Regulamento de Subvencións para a súa aprobación.

Non producíndose máis intervencións, polo Sr. Alcalde sometese a votación a aprobación do asunto do epígrafe, coa retirada do punto 5º da Moción, que **é aprobado por unanimidade**.

### 14. EXPEDIENTE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 1/2009: ADOPCIÓN DE ACORDO.-

A continuación por mín o Secretario dáse conta do dictame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Contas de data 17/03/09, que dí:

